

• DATOS

- Lonxitude:** 12 Km. aproximadamente (ida e volta)
- Dificultade:** Baixa.
- Época Ideal:** Outono e primavera.
- Duración:** 5 horas e media (con descanso para picnic)
- Material:** O habitual para un paseo polo campo.
- Cartografía:** Plano 22-III (Pontedeume).

O **Parque Natural das Fragas do Eume** foi creado no ano 1.997, ten unha superficie de 9.125 Ha., e abrangue os concellos de Cabanas, A Capela, Monfero, As Pontes e Pontedeume.

As **fragas do río Eume** son un dos últimos reductos representativos do que foi o bosque autóctono que cubría Galicia. Destacan pola súa biodiversidade, atopándose nelas ata 23 especies distintas de árbores, 21 de fentos (algunhas relictas e endemismos europeos), 250 de líques e brións, 100 de fungos e 126 de animais vertebrados (en moitos casos especies protexidas pola súa rareza ou escasez).

Chámase **fraga** ó tipo de bosque con gran influencia do clima atlántico costeiro, no que destaca a espesura da súa vexetación, o que mantén unha humidade e temperatura características no seu interior. A súa vexetación está dominada na beira do río polo bosque de galería, polos fentos e por especies de plantas adaptadas á falta de luz. As especies de árbores tamén crecen en función da necesidade de auga, sendo o **salgueiro** (*Salix sp.*) e o **ameneiro** (*Alnus glutinosa*) as que atopamos na beira do río. Mais afastadas veremos outras árbores que forman a fraga, son: o **carballo**, **castiñeiro**, **freixo**, **loureiro**, **abelaira**, **sanguiño**, etc. Entre as numerosas especies de fentos destacan o **fento real** (*Osmunda regalis*) e a **Woodwardia radicans** (catalogada como especie ameazada e protexida pola lei). En canto ós animais que viven no río e no interior da fraga, destacaremos o **reio** (peixe parecido ó salmón que se atopa en perigo de

extinción), anfibios como a rara **salamántiga galega** (endémica de Galicia), multitude de aves (incluso o escasísimo **bufo real**) e algúns mamíferos como a **lontra** que vive nas suas augas

• DESCRIPCIÓN

Debemos desprazarnos desde Alvarella ata Pontedeume, xunto a estación de servizo, á dereita sae a estrada LC-152 a Monfero. Pasaremos por debaixo dos viaductos da autoestrada e no cruce de Esteiro, colleremos á esquerda hacia Ombre (sinalado Mosteiro de Caaveiro 13 Km.), continuando por esa estrada ata a Alameda (zona de descanso e merendeiro) onde deixamos o coche.

A rota a pé comeza na Alameda, camiñando pola estrada que segue a beira do río, aproximadamente a 1 Km. e medio atoparemos o centro de información e precintaxe (caseta do garda forestal) e unha ponte colgante sobre o río. Cruzarémola e continuaremos por un sendeiro que discorre pola outra beira do Eume. Logo de camiñar un par de Km. aproximadamente veremos unha nova ponte, aquí temos dúas opcións: volvemos a cruzar a ponte e continuamos pola estrada hacia Caaveiro ou seguimos o sendeiro por esa beira (esta 2ª opción é máis complicada pois o camiño sube unha gran pedra que chega ó borde do río salvando unha forte pendiente por ámbolos lados). Tanto por un lado como por outro, a 2 Km. chegaremos á ponte de Caaveiro, desde ela podemos subir ata o Mosteiro de Caaveiro.



Woodwardia radicans

ROTA 3 : DAS TRES PONTES (P.N. FRAGAS DO EUME)



Rio Eume



Ponte colgante

ROTA 3: DAS TRES PONTES – PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME

